

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 3 de outubro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día 3 de outubro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes a deputada *Belén Cachafeiro Anta* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35647.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2025.

2.35648.- APROBACIÓN DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (EXPTE.2024083219)

A Deputación de Pontevedra, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, esta liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

Desde a primeira convocatoria destas axudas, no ano 2020, o número de solicitudes foi en aumento, o que permitiu subvencionar numerosos proxectos de restauración do patrimonio marítimo-fluvial na provincia, en moitos dos casos bens en deficiente estado de conservación que, sen estas intervencións, acabarían por desaparecer.



Con estes antecedentes, a institución provincial promove para este ano 2025 unha nova convocatoria de subvencións, en concorrència competitiva, que conta con tres liñas de actuación diferenciadas: embarcacións tradicionais; aparellos de pesca; e construcións e instalacións en terra.

Con data 11 de setembro de 2025, o deputado delegado en materia de Patrimonio Documental e Bibliográfico ordena a elaboración dunha nova convocatoria de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025, e solicítalle ao Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico a tramitación do expediente correspondente para a súa aprobación polo órgano competente.

Con data 11 de setembro de 2025, a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico emite informe do programa indicado, con CSV: 2VHCDZR7EZG4RMKQ, en virtude do disposto no art. 172 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Con data 17 de setembro de 2025, a área de Secretaría emite informe, con CSV: A38M1BMF06RY3G56, sobre as Bases de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Con data 25 de setembro de 2025, a área de Intervención emite informe favorable sobre a tramitación do expediente para a aprobación das ditas bases, con CSV: MV13E4OOFUL71552, deixando constancia de que a aplicación orzamentaria proposta 25/332.3322.789.01 se considera correcta e conta con crédito retido, mediante RC núm. 12025000173602, por importe de 90.000,00 €.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens mobles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.



Segundo o exposto, e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa de aplicación, convócase esta liña de subvencións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Réxime xurídico:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS

De acordo co artigo 17.3 da OXS, “a aprobación das bases reguladoras da convocatoria é competencia do órgano ao que lle corresponda a autorización do gasto, de acordo co previsto nas bases de execución do orzamento”.

Así exposto, e de conformidade coa base de execución do orzamento da Deputación 16.1.c) en relación coa 16.2.c), en atención á contía global da subvención prevista (90.000,00 €), a competencia para a aprobación destas bases correspóndelle á Xunta de Goberno, a quen, así mesmo e en lóxica, lle corresponde aprobar a convocatoria.



RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

En virtude das competencias recollidas no artigo 35 da LRBRL, no artigo 73 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o ROFRXEL, no artigo 17.3 da OXS, nas Bases específicas de execución do vixente Orzamento provincial e demais lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as Bases reguladoras de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025, que figuran co CSV: PFG5ZKTVICFS9X15 e que se citan a continuación:

BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025

O patrimonio cultural está constituído por bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deben ser estudados e considerados para a permanencia e a identidade da cultura ao longo do tempo.

A Deputación de Pontevedra, consciente da riqueza e singularidade do patrimonio marítimo-fluvial galego e da necesidade de preservalo e difundilo, promove unha nova convocatoria de subvencións, activa desde 2020 e dirixida a entidades sen ánimo de lucro, para a recuperación e posta en valor deste patrimonio na provincia, segundo os principios de obxectividade, concorrencia competitiva, publicidade e transparencia.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 46 da Constitución española establécese que os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico das poboacións de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade.

No título preliminar da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, recóllese que o seu patrimonio cultural está constituído polos bens móbiles, inmobles ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban considerarse de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo.

Así, a devandita lei galega determina o ámbito de competencias e o réxime da colaboración interadministrativa nos que se fomenta a colaboración de todas as administracións implicadas na protección e na promoción do patrimonio cultural de Galicia. As entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen a obriga de protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

No ámbito local, a Deputación de Pontevedra ten a competencia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social que lle atribúe o artigo 36.1 d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como o artigo 118 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.



Por iso, co obxectivo de promover a protección e a conservación do patrimonio marítimo-fluvial da provincia, a Deputación de Pontevedra, de acordo coa Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), aproba este procedemento de subvencións, dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor deste patrimonio na provincia de Pontevedra, a través da publicación destas bases reguladoras, cuxo texto é o seguinte:

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de subvencións destinadas á recuperación e á posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural.

Segunda. Financiamento e réxime económico

A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e estas convocaranse con cargo á aplicación 25/332.3322.789.01 do Orzamento da Deputación para 2025, por un importe total de noventa mil (90.000,00) euros.

O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin superar o importe de dez mil (10.000,00) euros.

O importe do IVE non se considerará gasto subvencionable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos e aos importes establecidos no orzamento inicial, aínda que se aceptarán desviacións máximas dun 20 % no custo dos diferentes conceptos da actividade subvencionada con respecto ao orzamento inicial pomenorizado.

No caso de que os proxectos financiados non esgoten a partida orzamentaria, poderá superarse o límite de dez mil (10.000,00) euros por proxecto (sempre que non se supere o 80 % do orzamento), baixo criterios de proporcionalidade e respectando a concorrencia competitiva, así como a valoración técnica do proxecto.

Terceira. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo segunda e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.*
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.*
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.*

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas subvencións as entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial de Galicia e que reúnan os seguintes requisitos:

- *Carecer de fins de lucro.*
- *Desenvolver a súa actividade no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.*



- *Ser titulares dos bens obxecto de rehabilitación ou mellora. Estes deberán ser de construción e tipoloxía tradicionais, feitos con elementos e procedementos tradicionais.*
- *Empregar os bens en actividades de promoción sociocultural; non poderán destinarse á pesca nin á acuicultura.*
- *Non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, de acordo co especificado no artigo 13 da LXS.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- *Quinta. Gastos subvencionables*

Os gastos subvencionables comprenderán os traballos de recuperación de todos aqueles bens de interese que integran o patrimonio marítimo e fluvial na provincia.

As entidades solicitantes deberán seleccionar unha das seguintes liñas de actuación:

- *Liña 1. Embarcacións tradicionais. Os gastos comprenderán os traballos de rehabilitación de embarcacións tradicionais (tratamento da embarcación, recuperación de determinadas partes deterioradas, reparacións, montaxe de electricidade ou traballos de carenado e pintado, entre outros) co fin de recuperar o seu carácter orixinal ou de conservar elementos estruturais que permitan a rehabilitación e o mantemento da embarcación. Así mesmo, incluírán todos aqueles accesorios e equipamento das embarcacións que sexan de investimento (baterías, motores, sistemas eléctricos, depósitos, aparellos, velas, obenques, quillas, drizas, equipamento de salvamento...).*

Estas embarcacións deberán destinarse a actividades de promoción sociocultural ou musealización. As axudas son incompatibles co uso das embarcacións para a pesca ou a acuicultura, se ben poderán empregarse para a navegación tradicional en regatas, encontros ou actividades de formación. Serán subvencionables, neste sentido, as inspeccións técnicas ás que deban someterse as embarcacións tras o proceso de rehabilitación e que acrediten a súa navegabilidade.

Os traballos de rehabilitación deberán referirse a unha única embarcación por entidade, polo que non serán subvencionables aqueles proxectos que inclúan actuacións sobre varias embarcacións.

- *Liña 2. Aparellos de pesca e demais elementos vinculados á cultura marítimo-fluvial. As obras de restauración e conservación subvencionadas ao abeiro desta convocatoria incluírán as distintas artes e aparellos de pesca e marisqueo tradicionais, ferramentas e maquinaria, instrumental de navegación, útiles de comunicación e sinalización, cordoería, artesanía e demais elementos vinculados á cultura marítima e fluvial; todos eles destinados a actividades de musealización ou difusión social e cultural.*

Poderán subvencionarse os traballos de restauración e conservación de máis dun elemento incluído nesta liña, pero sempre que formen parte dun conxunto homoxéneo e así se xustifique na memoria explicativa.

- *Liña 3. Construcións e instalacións en terra. As intervencións realizadas sobre os distintos tipos de construcións e instalacións en terra (almacéns, fábricas, estaleiros, lonxas, casetas de pesca, embarcadoiros e pesqueiras, entre outras) ou mostras da arquitectura industrial e popular marítimo-fluvial na provincia, para ser reconvertidas en espazos culturais. As intervencións deberán referirse a unha única construción ou instalación en terra. Non serán subvencionables aqueles proxectos que inclúan actuacións sobre varias instalacións.*



Todas as actuacións subvencionadas deberán desenvolverse ao longo de 2025 e empregarán solucións construtivas e de deseño tradicional e orixinal, ademais de materiais que lles sexan propios. As actuacións de restauración e conservación realizadas deberán redundar sempre nunha posta en valor dos correspondentes bens patrimoniais.

Consideraranse gastos subvencionables os proxectos técnicos directamente relacionados coas actuacións de rehabilitación que se leven a cabo.

Quedan excluídos desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención os investimentos xa subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias ou plans da institución provincial.

Sexta. Lugar e forma de presentación das solicitudes

As entidades interesadas poderán presentar unha única solicitude a esta convocatoria.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Sétima. Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das entidades solicitantes.
- DNI ou NIE das persoas representantes.
- Domicilio fiscal das entidades solicitantes.
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.



Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- *Acreditación da persoa representante legal da entidade, se non se empregase o certificado electrónico de representación de persoa xurídica.*
- *Memoria explicativa, profusamente detallada, da actuación que se pretende desenvolver, asinada pola persoa representante, na que se incluírán:*
 - *Tipo de ben para o que se solicita a subvención, coas súas características e coa súa antigüidade.*
 - *Descrición detallada dos traballos de rehabilitación ou mellora, dos elementos ou das partes que se pretenden reparar, do tipo de procedemento e dos materiais que se utilizarán, e dos equipamentos necesarios, no seu caso. O proxecto deberá adecuarse aos procedementos e aos materiais tradicionais.*
 - *Descrición detallada do destino do investimento para fins de carácter sociocultural ou musealización, así como experiencia e vinculación da entidade beneficiaria na organización e participación en actividades relacionadas co patrimonio marítimo-fluvial.*
 - *Anexo fotográfico ou, de non ser posible, bosquexo explicativo que reflicta o estado actual do ben e, en concreto, da parte ou dos elementos que se pretenden rehabilitar ou mellorar.*
- *Orzamento de gastos e ingresos detallado e totalizado (coas cantidades, cos prezos unitarios e co IVE) do investimento que se vai realizar, asinado pola persoa representante.*
- *Copia dos estatutos que rexen a entidade, que deberán incluír, entre os seus obxectivos, a recuperación e o mantemento ou a posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial da provincia.*
- *Acreditación da titularidade do ben obxecto de rehabilitación ou mellora. A entidade deberá ser titular do ben ou da instalación obxecto de rehabilitación ou mellora, ben porque sexa propietaria, ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión sobre este de cinco (5) anos de duración.*
- *Calquera outra documentación acreditativa das circunstancias que poidan terse en conta na fase de valoración. Será responsabilidade da entidade beneficiaria obter as correspondentes licenzas, autorizacións ou permisos para executar os traballos obxecto da axuda, no seu caso.*

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados anteriormente ante a Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.



Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica dispón dunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos realizaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos seguintes criterios de valoración:

- *Interese do ben obxecto de restauración desde o punto de vista histórico e cultural (de 0 a 40 puntos):*
 - *Antigüidade (de 0 a 10 puntos).*
 - *Singularidade ou rareza na súa tipoloxía, técnica ou materialidade (de 0 a 10 puntos).*
 - *Autenticidade (de 0 a 10 puntos). Primaranse aqueles bens que manteñan ou conserven en maior medida os seus elementos orixinais, sen alteracións que os desvirtúen.*
 - *Carácter identitario: ben representativo do patrimonio local e provincial (de 0 a 10 puntos). Valoraranse o arraigamento ao territorio (sobre todo á provincia) e a especial vinculación do ben á historia marítimo-fluvial do lugar e á memoria colectiva das súas xentes.*



- *Proxecto de recuperación do ben (de 0 a 40 puntos):*
 - *Claridade e calidade do proxecto (de 0 a 10 puntos). Valoraranse o desenvolvemento exhaustivo do proxecto, a descrición detallada dos tipos de accións necesarias para acadar os obxectivos fixados, a súa calidade no referente ás solucións achegadas e a súa viabilidade.*
 - *Adecuación da intervención aos valores patrimoniais do ben (de 0 a 10 puntos). Valoraranse as intervencións axustadas aos procedementos, aos materiais e ás técnicas tradicionais.*
 - *Maior intervención sobre os elementos estruturais do ben (de 0 a 10 puntos). Primaranse aquelas actuacións que se realicen sobre os elementos estruturais do ben fronte a actuacións ou labores de mantemento.*
 - *Estado de conservación do ben e grao de urxencia da intervención (de 0 a 10 puntos). Valoraranse aqueles bens que presenten danos ou unha deterioración importante e que requiran unha rápida intervención.*
 - *Actividades de posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial (de 0 a 20 puntos):*
 - *Interese e calidade das actividades ás que estea destinado o ben desde o punto de vista sociocultural (de 0 a 5 puntos). Primarán aquelas accións que repercutan especialmente na difusión e na posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial.*
 - *Impacto local das actividades (de 0 a 5 puntos). Valoraranse aquelas iniciativas ás que estea destinado o ben que teñan unha maior repercusión ou incidencia no ámbito local e provincial.*
 - *Continuidade das actividades no tempo (de 0 a 5 puntos). Primaranse aquelas actividades que se prolonguen máis no tempo.*
 - *Vinculación e experiencia da entidade solicitante na organización, colaboración ou participación en actividades relacionadas coa recuperación e a conservación do patrimonio marítimo-fluvial (de 0 a 5 puntos).*
- Unha vez analizada a proposta, a Comisión de Valoración outorgaralle unha puntuación, que deberá acadar un mínimo de 50 puntos en total para que a actividade poida subvencionarse.*

Décimo terceira. Instrución do procedemento e proposta de resolución

A instrución do procedemento de concesión da subvención corresponderalle á xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales emitirá un informe-proposta no que figure a valoración das solicitudes segundo os criterios sinalados na base décimo segunda, e no que se explique o sistema seguido, de conformidade co previsto no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no artigo 24 da LXS. Este informe-proposta, xunto coa relación de todos os expedientes, remitiráselle á Intervención para a súa fiscalización.

Posteriormente, a Comisión de Valoración instituída para tal fin realizará un estudo do citado informe-proposta das solicitudes de subvención emitido pola xefa do servizo.

Unha vez valorado o devandito informe, a comisión poderá solicitar cantos informes adicionais estime necesarios para resolver e emitirá unha proposta motivada de concesión de subvencións que se someterá á aprobación do órgano competente.

Décimo cuarta. Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

- *Presidente: o deputado do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*
- *Secretaria: a xefa do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*
- *Vogais: tres persoas do equipo técnico do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra.*



A Comisión de Valoración presentará a proposta de resolución, que será aprobada polo órgano competente e notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento é de seis (6) meses, contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen notificárselles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase como desestimada por silencio administrativo.

Décimo quinta. Modificación da resolución

Unha vez notificada a resolución de concesión, a persoa beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido cunha exposición razoada dos motivos, que poderá autorizarse sempre que se manteña a finalidade da axuda e non se danen dereitos de terceiras persoas.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motivasen e, en todo caso, no prazo dun (1) mes desde a notificación da concesión; así mesmo, será obxecto de resolución polo órgano competente, logo da proposta da Comisión de Valoración, na que se terán en conta as seguintes circunstancias:

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ao importe da subvención e ao orzamento subvencionado.*
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao subvencionado inicialmente, a Comisión de Valoración, logo do informe do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, deberá determinar o novo orzamento subvencionado e o novo importe da subvención, que serán inferiores aos inicialmente establecidos.*

Décimo sexta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web, e remitiralla á BDNS.

Décimo sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A subvención concedida pola Deputación de Pontevedra será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada. Para eses efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a persoa beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas outorgadas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio. A persoa beneficiaria deberá comunicar, nese caso, que xa se lle concedeu outra subvención do organismo provincial.



Décimo oitava. Xustificación

A entidade beneficiaria estará obrigada a presentar a xustificación do cumprimento das condicións establecidas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención e, no seu caso, a poñer á disposición da Deputación os libros e os rexistros contables necesarios para a adecuada xustificación e para o exercicio das facultades de comprobación ou control financeiro.

A persoa beneficiaria terá de prazo ata o 31 de marzo de 2026 para presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>, a seguinte documentación xustificativa:

- Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen o investimento realizado e os resultados obtidos. Inclúirase un anexo fotográfico do ben rehabilitado.*
- Conta xustificativa dos gastos (formulario do anexo I), na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo. Poñerase de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada e indicárase que o resto de xustificantes da conta se encontran no domicilio da persoa beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame.*

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, cunha porcentaxe de desviación máxima do 20 % no custo dos diferentes conceptos con respecto ao orzamento inicial.

- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida; indicáranse en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas, o IVE detallado e mais o custo total de cada unidade.*
- Acreditación da debida divulgación do financiamento por parte da Deputación do investimento subvencionado nos termos establecidos na base décimo novena da convocatoria.*
- Declaración de que non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada ou, no seu caso, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da finalidade subvencionada.*

O pagamento da subvención efectuarase despois da comprobación e da elaboración dun informe por parte dos servizos técnicos provinciais de que se cumpriu coa finalidade e co obxecto da subvención.

Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que comprobará de oficio a propia institución provincial.

Décimo novena. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as persoas beneficiarias terán que cumprir as seguintes obrigas:

- Realizar a finalidade obxecto da subvención antes do 31 de decembro de 2025 e presentar en forma e en prazo a xustificación correspondente.*
- Non transferir a propiedade do ben ou o dereito de uso ou cesión nun prazo de cinco (5) anos desde o momento da concesión, así como destinalo ao fin concreto para o que se concede a subvención.*



- *As accións de promoción e os materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria deberán incluír o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa específica desta axuda, “Subvencións para a recuperación do patrimonio marítimo-fluvial”, accesible en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>. Esta obriga poderá acreditarse mediante accións de comunicación ou publicidade (notas de prensa, páxinas web, carteis e placas, entre outras).*
- *Pagarlles ás súas acreedoras e acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, en cuxo caso deberán facelo no prazo máximo dun (1) mes desde a data de cobro.*
- *Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente poderán usar o pagamento en metálico cos límites establecidos legalmente. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos (900,00) euros implicará que este se considere non subvencionable.*
- *Se, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas superase o custo total da actividade subvencionada, deberá comunicalo, en cuxo caso o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.*
- *Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.*
- *Estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa institución provincial.*

Vixésima. Pagamento

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- *No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención*
- *No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención*
O pagamento efectuarase por transferencia bancaria á conta indicada pola entidade beneficiaria.

Vixésimo primeira. Incumprimento

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo oitava sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do procedemento de perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo segunda. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
- *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*



- *Por incumprir a persoa beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Así mesmo, o incumprimento por parte das persoas beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como as condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar, total ou parcialmente, despois do oportuno expediente, á perda do dereito ao cobro, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésimo cuarta. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido na LPACAP; na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; na LXS; na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra; nas Bases de execución do Orzamento para o exercicio de 2025; e na demais lexislación aplicable.

3.35649.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A AGRUPACÍONS DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE.2025057852)

Considerando a importancia das agrupacións de voluntarios de protección civil como un elemento clave no sistema de emerxencias da comunidade autónoma de Galicia, a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, promove a colaboración cidadá nas tarefas de protección civil, definíndoa como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para afrontar os riscos ordinarios e graves que poidan xurdir coa participación das distintas administracións públicas e coa colaboración cidadá.



Resultando que en base ao anterior propónse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar, no cumprimento dos seus fins, ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil con actividade nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra para os gastos derivados de investimentos e equipamentos que sexan necesarios para o seu funcionamento.

Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra coa finalidade de contribuír a mellorar os servizos de protección civil que se prestan no territorio provincial e reforzar o importante papel das agrupacións de persoal voluntario de protección civil dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra, de conformidade coas competencias atribuídas en materia de protección civil nos artigos 25.2f) e 36 da Lei 7/1985, de 2 abril, de bases de réxime local, e o disposto nos artigos 10.b) e 48.4 da Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

Considerando que a finalidade destas axudas é a de apoiar o correcto funcionamento destas agrupacións que operan de maneira altruísta e potenciar a súa capacidade de resposta ante situacións de emerxencia. Con esta nova liña de axudas dotaranse a estas agrupacións dun mellor equipamento e mellorarase así a súa capacidade para actuar en escenarios de emerxencia dunha maneira máis segura e eficiente.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para sufragar os gastos de investimentos e equipamentos realizados polas agrupacións de persoal voluntario de protección civil legalmente constituídas, sen fins de lucro e debidamente inscritas no Rexistro de Agrupacións de persoal Voluntario de Protección Civil de Galicia.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme a un procedemento de concorrència competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2025, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.



Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2025057852; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV:TMTRX4QM6JBGQ7ZZ), da Secretaría Xeral (CSV:BED1VEZ70O5NLFQ9) e da Intervención Provincial (CSV:0XG8U22F48QLBNIL), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a agrupacións de persoal voluntario de protección civil da provincia de Pontevedra e aprobar o gasto por importe de 100.000,00 €, imputables contra a aplicación orzamentaria 2025/942.1350.789.10 “*Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil_Cooperación*”.

As ditas bases e convocatoria (CSV: 2M14HPWA1HZBN8WH) apróbanse co tenor literal seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO PROGRAMA DE AXUDAS A AGRUPACIONES DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA
INTRODUCCIÓN

No artigo 3 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establécese que, xunto coas diferentes administracións públicas, a estrutura organizativa de protección civil estará integrada polo persoal voluntario. Así mesmo, no artigo 49 regúlanse os requisitos que deben cumprir as agrupacións de voluntarios de protección civil.

No artigo 48 da lei 5/2007, de 7 maio, de emerxencias de Galicia dispónse que o persoal voluntario do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia poderá agruparse en asociacións cuxa finalidade social sexa a colaboración desinteresada na protección das persoas e bens en situacións de risco e de emerxencias.

Pola súa banda, no artigo 7 da Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil establécese que a participación das e dos cidadáns nas tarefas de protección civil poderá canalizarse a través das entidades de voluntariado, de conformidade co que se dispoña nas leis e demais normas regulamentarias.

De acordo coas competencias atribuídas en materia de protección civil nos artigos 25.2.f) e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, e co disposto nos artigos 10.b) e 48.4 da citada Lei 5/2007, a Deputación de Pontevedra pon en marcha unha nova liña de axudas para contribuír a mellorar os servizos de protección civil que se prestan no territorio provincial e reforzar o importante papel das agrupacións de persoal voluntario de protección civil dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto, finalidade e actuacións subvencionables

- 1.1 *Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil con actividade nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra para os gastos derivados de investimentos e equipamentos.*



1.2 *A finalidade das axudas é contribuír a mellorar a calidade dos servizos de protección civil que se prestan nos concellos de menos de 50.000 habitantes do territorio da provincia de Pontevedra e reforzar o importante papel que xogan as agrupacións de voluntarios neste eido.*

1.3 *Actuacións subvencionables:*

Serán subvencionables os gastos derivados de equipamentos con carácter de investimento necesarios para o funcionamento da agrupación que sexan adquiridos no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 30 de xuño de 2026 polas entidades destinatarias destas axudas e que consistan nalgunha das actuacións subvencionables relacionadas a continuación:

<i>Investimentos subvencionables</i>
<i>Investimentos para adquirir equipos de Protección Individual (EPI: equipamento e vestimenta de persoal de uniforme, de acordo co establecido no Decreto 123/2014, de 18 de setembro, polo que se regulan a acreditación, a uniformidade e os distintivos do persoal voluntario, na Orde de 24 de febreiro de 2015 que o desenvolve e no Real Decreto 773/1997, de 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas a utilización dos equipos de protección individual, sempre que teñan a consideración de investimentos, tales como:</i>
<i>- Cascos ou gorras/pasamontañas/protectores para a cabeza.</i>
<i>- Orelleiras (por exemplo, orelleiras acopladas a casco, con redución activa de ruído e con entrada eléctrica de audio).</i>
<i>- Gafas de montura universal, gafas de montura integral e pantallas faciais.</i>
<i>- Equipos de protección respiratoria (filtrantes, illantes, con subministración de aire, de mergullo, dispositivos de autorrescate...).</i>
<i>- Dispositivos anticaídas retráctiles, arneses anticaídas e de asento, cintos de suxeición e retención e equipos de amarre de suxeición, absorbedores de enerxía, arneses de salvamento...</i>
<i>- Traxes de protección total do corpo.</i>
<i>Exclúense expresamente os gastos referidos a vestiario, material téxtil e os EPIs con valor unitario inferior a corenta (40,00 €) euros.</i>
<i>Maquinaria (motoserras, roxadoiras, compresores, xeradores, hidrolimpadoras, bombas de achique...).</i>
<i>Ferramentas de rescate e salvamento (escadas, martelos, palas, serras...).</i>
<i>Mobiliario para o local da agrupación (mesas, cadeiras, bancos, estantes, etc.)</i>
<i>Equipos informáticos (ordenadores, tabletas, impresoras...).</i>
<i>Equipos de comunicación e dispositivos móbiles (móbiles, radios, emisoras, walkie-talkies, megáfonos, dispositivos GPS etc.).</i>
<i>Material de seguridade viaria inventariable (baliñas, sinais, conos de sinalización...).</i>
<i>Material sanitario inventariable (padiolas, desfibriladores...).</i>

Todos os gastos deberán corresponderse con actuacións realizadas dentro do prazo de execución establecido nestas bases.

Os equipamentos subvencionables deberán ter a condición de investimentos. Considéranse coma tales aqueles gastos que reúnan as seguintes condicións:

- Non ser bens consumibles.*
- Ter unha duración previsiblemente superior ao exercicio orzamentario.*
- Ser susceptibles de inclusión no inventario.*
- Ser gastos previsiblemente non reiterativos.*



Polo tanto, non serán subvencionables os gastos correntes, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares. Tampouco serán subvencionables os gastos de material non inventariable; os gastos de locomoción, manutención, aloxamento e atencións protocolarias; os financeiros; nin os referidos a actividades que non se correspondan cos obxectivos da convocatoria.

En ningún caso o custo de adquisición de equipamentos poderá ser superior ao valor de mercado.

De non considerarse que os prezos son razoablemente de mercado, o persoal técnico provincial informará disto, e incorporárase ao requirimento de emenda esta circunstancia, que se lles comunicará ás persoas interesadas para que emenden ou aclaren a adaptación dos prezos ao mercado. Todas as unidades que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables. De persistir a falta de adaptación razoada aos prezos de mercado, a Deputación poderá desestimar a solicitude, logo da resolución motivada por parte do órgano competente.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co disposto nos artigos 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS), estas axudas terán o carácter de subvencións e rexeranse pola seguinte normativa:

- LXS, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento.*
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e a súa normativa de desenvolvemento.*
- Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento.*
- Lexislación de réxime local estatal e autonómica.*
- OXS.*
- Bases de execución do Orzamento, especialmente nos aspectos orzamentario e contable.*
- Convocatoria e bases reguladoras desta.*
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.*

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e no artigo 17 da LXS, no exercicio de 2025 o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Cuarta. Entidades beneficiarias

Poderán ser entidades beneficiarias das axudas reguladas nestas bases as agrupacións de persoal voluntario de protección civil legalmente constituídas, sen fins de lucro, que, na data da publicación desta convocatoria cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro de Agrupacións de Persoal Voluntario de Protección Civil de Galicia (esta condición debe cumprirse, a máis tardar, no último día do prazo de presentación de solicitudes).*
- Posuír NIF propio como asociación con personalidade xurídica propia.*
- Ter dependencia funcional dun concello de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra ou dunha mancomunidade ou agrupación de concellos, sempre e cando os concellos integrantes sexan de menos de 50.000 habitantes (segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística, INE, no 2024).*
- Cumprir o recollido no artigo 13 da LXS.*



- *Estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) e coa Deputación de Pontevedra. O cumprimento deste requisito deberá estar referido ao momento do fin do prazo de solicitudes.*
- *Dispoñer dun seguro de accidentes, así como de responsabilidade civil.*

Ningunha entidade poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto implicará a inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

Quinta. Financiamento

A contía desta convocatoria de axudas ascende a cen mil (100.000,00 €) euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao Orzamento provincial do exercicio 2025, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.1350.789.10, “Achegas para investimentos a agrupacións de protección civil – Cooperación”.

Sexta. Criterios de concesión e contía das subvencións

6.1. As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da LXS.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do orzamento solicitado, cun máximo de CINCO MIL (5.000,00 €) euros e cun mínimo de MIL (1.000,00 €) euros por entidade beneficiaria. Concederase unha única axuda por entidade.

Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes, que poderán obter un máximo de 45 puntos:

CRITERIO	PUNTUACIÓN MÁXIMA	FÓRMULA
<i>Polo número de membros da agrupación. Acreditarase mediante unha certificación ou informe do Rexistro de Protección Civil competente.</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outorgaráselle a puntuación máxima á entidade con máis integrantes e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningún membro.</i>
<i>Polo número de mobilizacións da agrupación no ano 2024 rexistradas no Sistema Integrado de Protección Civil (SIPROC). Acreditarase mediante unha certificación ou informe expedido pola ou polo responsable do SIPROC ou pola persoa competente.</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outorgaráselle a puntuación máxima á entidade con máis mobilizacións e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningunha mobilización.</i>
<i>Pola poboación do territorio da entidade local da que dependan funcionalmente (segundo os últimos datos publicados no INE no 2024).</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outorgaráselle a puntuación máxima á entidade con máis poboación e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero non se corresponderá con ningunha poboación.</i>



<i>Pola extensión do territorio da entidade local da que dependan funcionalmente (segundo os últimos datos publicados no IGE na data de publicación destas bases no BOPPO)</i>	<i>Ata 10 puntos</i>	<i>Outorgaráselle a puntuación máxima á entidade con máis quilómetros cadrados de superficie e, ao resto, proporcionalmente, tendo en conta que o valor cero se corresponderá con cero quilómetros cadrados.</i>
<i>Pola perda de poboación da entidade local da que dependan funcionalmente (reto demográfico), calculado a partir dos datos definidos polo INE en relación coa prima demográfica de perda de poboación entre 2015 e 2024</i>	<i>Ata 5 puntos</i>	<i>Sen perda: 0 puntos</i> <i>Menor ou igual a 5 %: 2 puntos</i> <i>Entre 5,01 % e 10 %: 3 puntos</i> <i>Entre 10,01 % e 15 %: 4 puntos</i> <i>Maior do 15 %: 5 puntos</i>

As subvencións poderán alcanzar ata o 100% do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo solicitado e subvencionable segundo esta mesma base. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda. Neste senso, esta deberá executar o orzamento sobre o que se lles concede a subvención, de xeito que se reducirá a subvención recibida en proporción ao orzamento total executado.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá ser efectivo, como máximo, no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes. A Deputación reserva a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos nos que non sexa posible dilucidar con claridade o seu cumprimento.

CAPÍTULO II. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Sétima. Procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- Unha vez presentadas as solicitudes, o servizo instrutor realizará o seu estudo e comprobación, e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de (10) días hábiles.*
- Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre as memorias presentadas para avaliar o cumprimento dos prezos de mercado.*
- Informe-proposta do xefe do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, se explicará o sistema de valoración seguido, se relacionarán as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e se sinalará a subvención que lle corresponde a cada unha das entidades beneficiarias segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o 100% do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o repartimento, de existir importe sobrante que non cubra o importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá ningunha subvención,*



se ben pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e motivaranse as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por esgotarse o crédito establecerase unha prelación e estas pasarán á lista de agarda. En casos de empate, terán preferencia aquelas que obteñan maior puntuación no criterio de valoración que conste en primeiro lugar, pola orde establecida nestas bases. De persistir o empate, resolverase por sorteo, cuxa acta se incorporará ao expediente. No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supoña un importe total que non exceda o máximo consignado para este programa, non será necesario valorar as solicitudes, e unicamente se verificará o cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases.

- d) *Informe de fiscalización da Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.*
- e) *Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros ou polas persoas que se designen como suplentes:*
 - *Presidencia: o deputado delegado de Emerxencias*
 - *Vogalía:*
 - *O xefe do Servizo de Cooperación.*
 - *Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación.*
 - *Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura.*
 - *Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.*
 - *Unha técnica ou técnico da Intervención Provincial.*
 - *Secretaría: o xefe do Servizo de Cooperación ou a funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior en quen delegue.*
- f) *Antes de emitir á proposta de resolución definitiva, o órgano instrutor poderá elevar a proposta de resolución coa relación de solicitudes excluídas, na que se expoñan os motivos da exclusión, para que o órgano competente resolva e se lle notifique ás entidades interesadas, co fin de que poidan aducir alegacións e achegar os documentos ou outros elementos de xuízo que consideren nun prazo de (10) días hábiles. O órgano competente teraos en conta ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.*
- g) *Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación. De producirse algún cambio con respecto á resolución provisional, este deberá ser informado pola Intervención provincial.*
- h) *Resolución do órgano competente, de conformidade co disposto nas bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os (6) meses, computado a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar as entidades potencialmente beneficiarias lexítimas para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.*

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor da entidade beneficiaria proposta fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez esta se notifique, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias, salvo que estas a rexeiten expresamente no prazo máximo de (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

4. As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa, quedarán en lista de agarda e poderán obter financiamento segundo o disposto na base quinta.



Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

8.1 Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). As solicitudes deberán estar debidamente cubertas, e nelas especificaranse a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada. Así mesmo, deberán conter todos os datos da agrupación de voluntarios solicitante, que serán os que empregue o servizo instrutor en todo o procedemento para os efectos de comunicación e notificación.

As devanditas solicitudes deberán aprobarse mediante un acordo do órgano competente da entidade solicitante, no que se indicarán expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, e achegarase este acordo ou unha certificación acreditativa deste. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

8.2 Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) é ata o venres, 31 de outubro 2025.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos, consultaránse automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- NIF da entidade solicitante.*
- NIF da persoa representante.*
- Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos pertinentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Presentación de documentos

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, na que constan as seguintes declaracións responsables:

- Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron ou solicitaron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de telas recibido ou solicitado, deberase indicar o detalle do financiamento e o organismo ao que se lle solicitan, e no caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.*



- *Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.*
- *Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación provincial no momento do fin do prazo de solicitudes (só nos casos en que se opuxeran á súa consulta automatizada).*
- *Que a entidade solicitante ten o domicilio social na provincia de Pontevedra*
- *Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar canta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.*

Ademais, xunto coa devandita solicitude, as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- *Certificación expedida pola persoa que exerza o posto de secretario da entidade, no que se faga constar o seguinte (anexo I):*
 - *O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe da subvención, da denominación da actuación para a que se solicita a subvención e o importe total do orzamento. A data de dito acordo ten que ser posterior á publicación das bases reguladoras.*
 - *Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases.*
 - *Que todos os prezos unitarios que constan no orzamento corresponden con prezos de mercado.*
 - *Que as persoas que se relacionan nel como presidenta ou presidente, secretaria ou secretario e representante da agrupación de voluntarios actúan en calidade dos cargos que exercen con indicación do órgano que os nomeou e a data do acordo, así como que na actualidade seguen vixentes no cargo.*
 - *Que o número de conta bancaria indicado para o ingreso da subvención é de titularidade da entidade solicitante.*
 - *O número de membros da agrupación actualizado nos tres últimos meses anteriores ao fin da data de presentación de solicitudes.*
 - *O número de mobilizacións da agrupación no ano 2024, rexistradas no SIPROC.*
 - *A entidade local da que depende funcionalmente.*
- *Acreditación de estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Agrupacións de Persoal Voluntario de Protección Civil de Galicia.*
- *Acreditación do número de membros da agrupación mediante a achega de certificación ou informe do Rexistro de Protección Civil competente.*
- *Acreditación do número de mobilizacións da agrupación no ano 2024, rexistradas no SIPROC.*
- *Unha memoria valorada asinada pola presidenta ou presidente da entidade solicitante ou polo persoal técnico competente, na que conste o seguinte contido mínimo:*
 - *Memoria explicativa na que se describan os equipamentos que se pretenden adquirir.*
 - *Un orzamento no que se definan con claridade os distintos elementos, con expresión dos prezos unitarios e o número de unidades, cando proceda, e acorde á táboa de accións subvencionables contida na base primeira destas bases, co IVE aplicable desagregado. En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente. Se o importe do gasto subvencionable superase a contía de quince mil euros (15.000 €), excluído o IVE, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, antes de contraer o compromiso para entregar o ben, salvo, que polas súas especiais características, non exista no mercado un número suficiente de entidades que os subministren ou que o gasto se realizase antes da subvención; todo iso de conformidade co disposto no artigo 31.3 da LXS.*



No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei. A falta de presentación da memoria valorada non será considerado como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, non serán obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaránse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O certificado electrónico das agrupacións de voluntarios deberá estar en vigor para a correcta notificación das resolucións e dos actos administrativos, así como o da persoa representante, en caso de que se designe unha para a tramitación do expediente.

As notificacións practicaránse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e a través da URL directa <https://debu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.



Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden usar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLAS ENTIDADES BENEFICIARIAS

Décimo terceira. Prazo de execución e xustificación das actuacións

As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 30 de xuño de 2026 e xustificadas, como máximo, o 30 de setembro de 2026. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que

queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente; non será posible conceder novas subvencións ás solicitudes en lista de agarda con posterioridade ao 1 de decembro 2025.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, de conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da LSG; en particular ao seguinte:

- *Destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.*
- *Realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.*
- *Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. Para estes efectos, en relación co control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da OXS, dispoñible na seguinte ligazón:
<https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2024/12/27/2024083968>.*
- *Cumprir a normativa de subvencións e a demais normativa que sexa de aplicación.*

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán cumprir o seguinte:

- *En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de acordo co Manual de imaxe corporativa específico desta axenda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.*



- *Acreditar a publicidade e indicar as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.*
- *Colocar en lugar visible no local da agrupación un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata de investimentos subvencionados pola institución provincial xunto co logotipo da Deputación. Así mesmo, a Deputación facilitará adhesivos para poñer nos investimentos subvencionables que sexan susceptibles da súa colocación.*

O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo establecido inicialmente dará lugar a unha dedución do 5% da contía concedida. O incumprimento da obriga de difundir a subvención concedida no prazo do requirimento dará lugar a unha dedución dun 10% da contía concedida.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa. Para estes efectos, en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa> atópase o Manual de identidade corporativa Plan +Provincia da Deputación de Pontevedra, no que se recollen as relativas á publicidade.

Décimo quinta. Xustificación da subvención

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base décimo terceira.

A xustificación da subvención realízase coa achega de xustificantes de gasto, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base. E, en todo caso, coa seguinte documentación:

- *Memoria explicativa dos investimentos realizados, asinada electronicamente pola presidenta ou presidente da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación.*
- *Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificables deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificable co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.*
- *Facturas dos gastos realizados, nas que se deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.*
- *Declaración de non ter percibido outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional ou, en caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.*
- *Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante noticias de prensa ou outras accións de publicidade en redes, páxinas web, etc.*
- *Acreditación de estar ao día das súas obrigas coa AEAT, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa ATRIGA e coa Deputación de Pontevedra (só no caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas no cadro habilitado na solicitude de subvención).*

As entidades beneficiarias estarán obrigadas a pagar os investimentos subvencionados no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.



Para estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous (2) meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. En caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante ou facelo de forma incompleta, requiriráselle para a súa correcta presentación no prazo de quince (15) días.

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor e nas actuacións de control financeiro. En caso de incumprimento, constituirá unha causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.

A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e, de modo particular, o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas segundo o indicado na base décimo cuarta sobre obrigas dos beneficiarios e nesta mesma base.

A Deputación poderá requirir ás entidades beneficiarias para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e pola Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

Décimo sexta. Pagamento

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e da Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriron a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará resolución na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda, sen prexuízo do cumprimento da obriga de achegar, no prazo máximo de dous (2) meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

O pagamento efectuarase ao número de conta bancaria certificada a nome do beneficiario que se indique, a máis tardar, no momento da xustificación final. Non se farán pagos a contas nas que non figure como titular a entidade beneficiaria, para o cal a Deputación solicitará que se acredite mediante certificado bancario a titularidade da conta, no caso de que non se aporte con anterioridade.



Décimo sétima. Modificación da resolución de concesión

- *Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l) da LXS, logo da solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido. En ningún caso se permitirá variar na modificación do proxecto o obxecto e a finalidade deste.*
- *O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia da entidade beneficiaria, para o que deberán cumprirse, en todo caso, os requisitos recolleitos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.*
- *A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiras persoas nin se varíe o destino ou finalidade da subvención.*
- *En todo caso, as modificacións non poderán incrementar o coeficiente de financiación máximo da Deputación con respecto ao inicialmente concedido.*

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle conceden a axuda.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas para a mesma finalidade sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actuación subvencionada, agás para o caso doutras axudas outorgadas pola Deputación para a mesma finalidade.

Para estes efectos e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no 33 do RLXS, unha das obrigas da persoa beneficiaria é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Décimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederase ao reintegro e/ou á perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, de conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- *Incumprir a normativa de subvencións.*
- *Incumprir as condicións e as obrigas asumidas no outorgamento da subvención.*
- *Incumprir os obxectivos fixados na memoria do investimento.*
- *Non presentar en tempo e en forma a documentación xustificativa ou presentala de xeito incompleto.*
- *Non pagar os xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun (1) mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.*
- *Non presentar nos prazos establecidos o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de acordo co disposto na base décimo quinta.*



Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación de documentación

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>”

2. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>

4.35650.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN, NO MARCO DA LIÑA 2 DO PLAN +PROVINCIA 2025, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DE “GASTO CORRENTE DERIVADO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS” (EXPTE.2025021646)

ANTECEDENTES:

- Seguidamente realizarase a mellora da drenaxe, mediante a instalación de colectores soterrados para condución das augas, arquetas, sumidoiros e pozos. Executaranse novas cunetas remontables en formigón.



- Na E.P. 8303 realizaranse dous Redutores Físicos de velocidade, ca súa correspondente sinalización.
- Nesta mesma estrada na súa parte final na contorna da igrexa de Fragas, farase unha reposición de firme debido o mal estado do existente.
- Disporanse novas barreiras de seguridade en certos tramos para mellora da seguridade dos vehículos.
- Xa como remate, farase unha mellora da sinalización tanto horizontal como vertical.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro” cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: TVEI4YLIYT5V6UM3.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000126594 por importe de 604.775,93 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 14/08/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro”, redactado pola enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Belén Pampín Camino, o proxecto de execución da obra cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE Incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: TVEI4YLIYT5V6UM3.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: T37YOQHQRSTC BYUX3, informe do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable...”

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 85UKISBMQP92SZHJ, informe favorable de fiscalización do expediente.



Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria nas EP-8301, EP-8302, EP-8303 e EP-8304. Concello de Campo Lameiro*” cun orzamento base de licitación de 604.775,93 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	499.814,82 €
IVE (21%).....	104.961,11 €
Importe Total.....	604.775,93 €



2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): X851W56Q7W4EREAS, e de prescricións técnicas con código (CSV) TVEI4YLIYT5V6UM3, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 604.775,93€, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

11.35657.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ESCAVACIÓN ARQUEOLÓXICA E LECTURA DE PARAMENTOS DO CONVENTO DE SANTA CLARA EN PONTEVEDRA. (EXPTE.2025004942)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18 de xullo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra*, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 22 de xullo de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no DOUE (anuncio número 482392-2025) en data 23 de xullo de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 28 de agosto de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Resultando.- Que unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 04 de setembro de 2025, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Citania-Arqueoloxía, S.L. (NIF: B36571057), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que o persoal técnico do servizo de Contratación comprobou que a empresa Citania Arqueoloxía, S.L. (NIF: B36571057) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4873, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo



proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrência ou non concorrência das prohibicións de contratar. Asemade, consta estar ao corrente das súas obrigas coa SS e coa AEAT, así como dada de alta no IAE.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2025007285, de data 08 de setembro de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Citania Arqueoloxía, S.L. (NIF: B36571057), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Citania Arqueoloxía, S.L. (NIF: B36571057) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistros de entrada nº REX_WEB2025065639, REX_WEB2025065641, REX_WEB2025065642 e REX_WEB2025065644, de data 18 de setembro de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 12.850,00 € (carta de pago núm. operación 12025000172235, de data 22 de setembro de 2025).

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do “*Servizo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara en Pontevedra*” á empresa Citania Arqueoloxía, S.L. (NIF: B36571057) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo ofertado:

Prezo total ofertado, sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado, co IVE
257.000,00 €	53.970,00 €	310.970,00 €



- Experiencia profesional do arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de proxectos relativos a sondaxes arqueolóxicas: 5 proxectos firmados*.
- Experiencia profesional do director/a da intervención arqueolóxica en asistencias técnicas similares ó obxecto da contratación: Experiencia en 5 asistencias similares*.
- Experiencia profesional arqueólogo/a de coordinación/dirección na redacción de traballos de estudos de paramentos: Experiencia en 5 asistencias similares*.

*Non resulta acreditado o cumprimento dos criterios de experiencia ofertados por non achegar, xunto co Anexo I, a documentación acreditativa requirida na cláusula particular 9.1 do prego administrativo.

Execución: Contémplanse os seguintes prazos de execución parciais, en virtude da sucesión das seguintes fases, as cales comezarán a contar desde a data de formalización do contrato, sen contemplarse prórrogas para esta contratación:

- **FASE 1:** A remisión do documento definitivo de Proxecto de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara, Pontevedra (2ª fase dos traballos), no prazo máximo é de 15 días hábiles, a contar desde a data de formalización do contrato. A continuación, a Deputación de Pontevedra remitirá o proxecto de intervención arqueolóxica á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Concello de Pontevedra para a súa correspondente autorización. Dentro deste prazo de execución, non se inclúe o tempo de tramitación administrativa para obter os permisos que sexan necesarios para poder iniciar a intervención arqueolóxica.
- **FASE 2:** 3 meses para a execución dos traballos de actuación arqueolóxica recollidos no proxecto definitivo de escavación arqueolóxica e lectura de paramentos do convento de Santa Clara, Pontevedra (2ª fase dos traballos). O adxudicatario disporá dun prazo máximo de 10 días hábiles para o inicio da intervención arqueolóxica, desde a concesión da correspondente autorización da Consellería de Cultura e a preceptiva licenza municipal.
- **FASE 3:** 3 meses para a presentación dos informes e memorias que resulten preceptivas, de conformidade co establecido no Decreto 199/1997, de 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Unha memoria é considerada aceptada se a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non comunica calquera obxección ao autor no prazo de tres meses desde a súa presentación. En ningún caso entenderase concluída a actividade arqueolóxica autorizada ata a aceptación da devandita memoria técnica pola consellería competente.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2025	25/333.3330.632.03 (proxecto de gasto nº 2022068178)	310.970,00 €

O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.



Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse de forma fraccionada contra a presentación da correspondente factura polo cumprimento dos fitos establecidos, unha vez conformada polo servizo xestor, de conformidade co seguinte:

- 20 % do prezo de adxudicación, coa presentación dunha única factura, unha vez rematada a FASE 1.
- 60 % do prezo de adxudicación, durante a FASE 2, mediante a presentación de facturas mensuais correspondentes ao 20% do importe cada unha.
- 20% do importe de adxudicación, coa presentación dunha única factura, unha vez presentada o informe final e memoria arqueolóxica.

*O prezo de adxudicación resultará de aplicarlle ao orzamento base de licitación, sen IVE, a porcentaxe de baixada ofertada polo adxudicatario, máis o IVE correspondente.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025004942	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Cruz Farto Justo, Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



12.35658.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EMPRESA MONFORTE, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO “CONTRATO DERIVADO 2 - LOTE 1 AM <SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN RÉXIME DE ALUGUER PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. <ARQUIVO>” (EXPTE.2021045413) (DEVOGARÁN 2024064844)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 30 de xullo de 2021 (CSV.- 3REGM52T096YU3AN), adoptouse, entre outros asuntos, adxudicar os lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule a “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2020044426).

Dentro deste Acordo Marco, por Resolución Presidencial número RP2021005358, de data 17 de setembro de 2021 (CSV.- 1RUHKG149VLJQKCK), adxudicouse o Contrato Derivado 02, de dito Acordo Marco (Lote 1. Arquivo / 2021045413).

Para responder da realización do Contrato Basado 2021045413, que compuxo este subministro, a entidade mercantil *EMPRESA MONFORTE, S.A. (CIF.- A-15.019.243)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polos importes equivalentes ao 5% do prezo de adxudicación, polo seguinte importe:

EMPRESA	CD	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EMPRESA MONFORTE, S.A. (A-15.019.243)	02	740,91€	202100176414	14/09/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico (CSV.- UCSK1MHCH0MRBMK5), no cal sinala que EMPRESA MONFORTE, S.A., “(...) Ó non existir inconveniente ningún no cumprimento deste contrato, consideraríase oportuno levar a cabo a devolución da fianza presentada pola devandita empresa, polo importe de setecentos corenta con noventa e un (740,91 €) cumprindo satisfactoriamente cos obxectivos previstos no citado contrato derivado sen que resultaren responsabilidades en contra da mesma (...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte de *EMPRESA MONFORTE, S.A.*, dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do Contrato Basado número 2021045413-01 *do Acordo Marco* convocado para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para dar cobertura ás necesidades dos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2020044426), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade mercantil *EMPRESA MONFORTE, S.A.* (A-15019243), por resultar adxudicataria de dito *Contrato Derivado*:

o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de setecentos corenta euros con noventa e un céntimos (740,91 €), para responder do (CB2 / Lote 1. Arquivo / CD2021045413), que foi depositada na Tesourería Provincial o 14/09/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 12024000032884 (*Carta de Pago número 202100176414*).

13.35659.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “SUBMINISTRACIÓN DE CAIXÓNS DE ALMACENAXE DE ESTRUCTURANTE E BANCOS PARA FERRAMENTAS NOS CENTROS DE COMPOSTAXE COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (LOTES 1 E 2)”. (EXPTE.2022006715) (DEVOGARÁN 2023030290)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 10 de xuño de 2022, adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a “*Subministración, transporte e instalación de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos centros de compostaxe comunitaria da provincia de Pontevedra, tanto para os xa instalados como para as novas instalacións que se poidan producir*”. (Núm. Expte. 2022006715)

Para garantir a correcta execución dos dous lotes dos que estaba integrado este contrato, a entidade mercantil *VERMICAN, soluciones de compostaje, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, como adxudicataria dos mesmos, unhas garantías definitivas polos importes equivalentes ao 5% dos seus prezos de adxudicación, que foron as seguintes:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
VERMICAN, S.L. (B-71.066.153)	3.399,95€	202200117049	01/06/2022
	2.700,05€	202200117108	01/06/2022



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 5DU9UNGYTAU7XLYF), no cal sinala que “(...) *En contestación a solicitude de informe sobre a procedencia da devolución das garantías definitivas correspondentes ao Lote 1 (caixóns de estruturantes) por importe de tres mil novecentos noventa e nove euros con noventa e cinco céntimos (3.399,95 €) e Lote 2 (bancos de ferramentas) por importe de dous mil setecentos euros con cinco céntimos (2.700,05 €) depositadas pola empresa VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L. (...)*

Poño no seu coñecemento que dita empresa cumpriu satisfactoriamente co obxecto do contrato, polo que procede a devolución das fianzas constituídas ao efecto (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- KHR1115OMKWRIH3L), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L., dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Subministración, transporte e instalación de caixóns de almacenaxe de estruturante e bancos para ferramentas nos centros de compostaxe comunitaria da provincia de Pontevedra, tanto para os xa instalados como para as novas instalacións que se poidan producir -Lotes 1 e 2-*” (Núm. Expte. 2022006715), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder ás devolucions das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil VERMICAN, SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L. (B-71.066.153), por resultar adxudicataria dos dous lotes que compuxeron o contrato e que foron as seguintes:

- o A constituída en metálico, por importe de tres mil trescentos oitenta e nove euros con once céntimos (3.399,95 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 01/06/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033068 (*Número de Carta de Pago 202200117049*). -Lote 1-
- o A constituída en metálico, por importe de dous mil setecentos euros con cinco céntimos (2.700,05 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 01/06/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000033069 (*Número de Carta de Pago 202200117108*). -Lote 2-



14.35660.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS
(EXPTES.2025063396, 2025063499 E 2025063149)

a) Vista a relación de operacións con número 2025063396 (CSV:7D0XYZAOXRDHEE7S), que contén 8 operacións por un importe de 3.933,79€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	3.863,74 €
IVE soportable deducible.....	70,05 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	3.933,79 €

b) Vista a relación de operacións con número 2025063499 (CSV:800ZRK6BYTNFBN8H), que contén 2 operacións por un importe de 249,14€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	249,14 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	249,14 €

c) Vista a relación de operacións con número 2025063149 (CSV:8ESGCCM2BZWWKS12), que contén 2 operacións por un importe de 3.521,10€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	3.521,10 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	3.521,10 €



15.35661.- MODIFICACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 4.35019 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 04/04/2025, POLO QUE SE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE DA NATUREZA DA RIA BAROSA. CONCELLO DE BARRO” (EXPTE.2025018296)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Barro con destino á execución da actuación denominada “MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE DA NATUREZA DA RIA BAROSA. CONCELLO DE BARRO”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
O custo total da actuación ascendía a 432.040,79€ e a subvención concedida a 367.234,67€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 64.806,12 €.
- En data 04/04/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 4.35019, concedeuse ao Concello de Barro, polo procedemento de concorrència non competitiva, unha subvención para o financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE DA NATUREZA DA RIA BAROSA. CONCELLO DE BARRO” (exp 2025018296) por importe de 64.806,12 €, cun orzamento que importa 432.040,79 €, tal como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Plan Provinc Extraord. Plan Extra-€
2025	432.040,79	64.806,12	0,00	367.234,67

- O Concello de Barro, en data 23/07/2025 e 24/07/2025 presenta instancia por rexistro WEB2025054271 e WEB2025054507 na que manifesta que se ve na necesidade de realizar un cambio de proxecto dado que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non autorizou as obras do proxecto inicial por consideralas incompatibles coa protección do patrimonio cultural e paisaxístico, en especial pola presenza de beirarrúas de tipoloxía urbana e outros elementos alleos ao contorno
- O Concello achega un novo proxecto técnico aprobado polo órgano competente e adaptado á nova situación, solicitando que se tramite o cambio de proxecto de xeito que o investimento poida se executado nos termos establecidos polo concello.
- O Concello achega a autorización sectorial da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e de Augas de Galicia con condicionantes.



- O Pleno da Corporación Provincial acordou autorizar o cambio de proxecto no acordo 8.8477 do 12/09/2025 da actuación referida “MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE DA NATUREZA DA RIA BAROSA. CONCELLO DE BARRO” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Dado que o investimento está cofinanciado cunha subvención do Plan + Provincia 2025 é preciso que se tramite, ao amparo deste Plan, o cambio de proxecto de xeito que o investimento poida se executado nos termos establecidos polo concello.
- Este cambio de proxecto que solicita o concello non implica un incremento do seu orzamento nin na subvención inicialmente concedida.
- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 18/09/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 18/09/2025 e do xefe do servizo de Cooperación de data 18/09/2025 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 25/09/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2025018296, polo achegado en data 24/07/2025 con rexistro núm. WEB2025054507, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 4.35019, do día 04/04/2025 polo que se concede ao *concello de Barro*, CIF: P3600200D, a cantidade de 64.806,12 € con destino ao financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “MELLORA DOS ACCESOS AO PARQUE DA NATUREZA DA RIA BAROSA. CONCELLO DE BARRO” (Exp: 2025018296), cun orzamento que importa 432.040,79 €.
- O proxecto técnico modificado non implica variación do orzamento e non altera o importe da subvención outorgada.
- Mantense o condicionante da achega da autorización sectorial de Estradas do Estado (Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana) que deberá ser achegada polo concello coa primeira xustificación. Así mesmo, o Concello deberá acreditar o cumprimento dos condicionantes impostos nas autorizacións sectoriais na fase xustificativa.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 4.35019, do día 04/04/2025, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Barro*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



16.35662.- MODIFICACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO Nº 5.35020 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 04/04/2025, POLO QUE SE CONCEDE UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DO PLAN + PROVINCIA 2025 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DA ACHEGA MUNICIPAL AO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA-PLAN EXTRA DO INVESTIMENTO “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DO PAZO TORRADO E XARDÍNS” (EXPTE.2025016997)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de CAMBADOS con destino á execución da actuación denominada “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DO PAZO TORRADO E XARDÍNS”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
O custo total da actuación ascendía a 791.976,61€ e a subvención concedida a 593.982,46€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 197.994,15 €.
- En data 04/04/2025, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 5.35020, concedeuse ao Concello de CAMBADOS, polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención para o financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DO PAZO TORRADO E XARDÍNS” (exp 2025016997) por importe de 197.994,15 €, cun orzamento que importa 791.976,61 €, tal como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2025-€	Achegas doutras administracións públicas -€	Plan Provinc Extraord. Plan Extra-
2025	791.976,61	197.994,15	0,00	593.982,46

- O Concello de Cambados, nas datas 22/07/2025 (núm. rexistro WEB2025054071), 06/08/2025 (núm. rexistro WEB2025057281), 08/08/2025 (núm. rexistro WEB2025057664), e 14/08/2025 (núm. rexistro WEB2025058688) o Concello de Cambados presenta un proxecto reformulado do proxecto inicial, os ditames da Comisión Técnica do Patrimonio Histórico, o Informe Patrimonial sobre bens culturais catalogados, o informe de supervisión do proxecto, un informe técnico e a aprobación do proxecto reformulado. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense a requirimentos recollidos no informe de patrimonio, que se materializaron nos seguintes cambios: Eliminación do uso de perfilaría metálica en favor do mantemento das vigas de madeira, que se tratarán contra termitas e carcoma e inclusión dun novo pavimento de baldosa na zona baixo cuberta.



- O Pleno da Corporación Provincial acordou autorizar o cambio de proxecto no acordo 7.8476 do 12/09/2025 da actuación referida “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DO PAZO TORRADO E XARDINS” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- Dado que o investimento está cofinanciado cunha subvención do Plan + Provincia 2025 é preciso que se tramite, ao amparo deste Plan, o cambio de proxecto de xeito que o investimento poida se executado nos termos establecidos polo concello.
- Esta situación non implica un incremento do seu orzamento nin na subvención inicialmente concedida.
- A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do facultativo do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 18/09/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
- A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do facultativo técnico de Cooperación de data 18/09/2025 e do xefe do servizo de Cooperación de data 18/09/2025 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial de data 25/09/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2025016997, polo achegado en data 08/08/2025 con rexistro WEB2025057664, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 5.35020, do día 04/04/2025 polo que se concede ao *concello de Cambados*, CIF: P3600600E, a cantidade de 197.994,15 € con destino ao financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DO PAZO TORRADO E XARDINS” (Exp: 2025016997), cun orzamento que importa 791.976,61 €.
- O proxecto técnico modificado non implica variación do orzamento e non altera o importe da subvención outorgada.
- O resto do acordo da xunta de goberno núm. 5.35020, do día 04/04/2025, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados* Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.



17.35663.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE DOZÓN AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “URBANIZACIÓN DA RÚA DE ACCESO AO CEIP PIO CABANILLAS GALLAS DE DOZÓN” (EXPTE. 2025021668)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.
- Mediante Resolución Presidencial RP2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a cantidade total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025147, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do concello de Dozón na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu no reparto unha subvención, por importe de 78.187,35 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Urbanización da rúa de acceso ao CEIP Pio Cabanillas Gallas de Dozón”, en base a un orzamento polo mesmo importe.
- O importe do orzamento contempla 73.262,17 € de execución de contrata, IVE engadido e 4.925,18 € de honorarios técnicos (2.462,59€ redacción do proxecto e 2.462,59 € de dirección de obra), IVE engadido.
- En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.
- O Concello, consonte ao recollido na base 5ª das reguladoras, solicita expresamente o traspaso fondos da Liña 1 á Liña 2 e da Liña 4 á Liña 1
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do Concello relativo á titularidade dos terreos sobre os que se pretende actuar, así como o informe técnico sobre as afeccións sectoriais.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 26/09/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 26/09/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 26/09/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Dozón* CIF P3601600D a cantidade de 78.187,35 euros, con destino ao financiamento do investimento “Urbanización da rúa de acceso ao CEIP Pío Cabanillas Gallas de Dozón” (expediente: 2025021668), en base a un orzamento (CSV: PQB0VYZEG2N4VRRT) polo mesmo importe.
- O importe do orzamento contempla 73.262,17€ de execución de contrata, IVE engadido e 4.925,18€ de honorarios técnicos (2.462,59€ redacción do proxecto e 2.462,59€ de dirección de obra), IVE engadido.
- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificadas a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Dozón*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

18.35664.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2025 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SENDA PEONIL EN DORNELAS DO IES DE MOS ATA ASO.DI.FI.SP” (EXPTE. 2025021347)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025.



- Mediante resolución presidencial núm. 2025000147 de data 13/01/2025 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
 - En data 02/04/2025, mediante rexistro WEB2025025093, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, dunha petición do *concello de Mos* na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 107.188,80 euros, co obxecto do financiamento da “*SENDA PEONIL EN DORNELAS DO IES DE MOS ATA ASO. DI. FI. SI*” (expediente: 2025021347), en base a un orzamento que ascende a 701.556,67 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 594.367,87 euros.
 - En datas posteriores o *Concello* emenda a documentación presentada inicialmente.
 - Así mesmo, o *concello de Mos* está a tramitar unha “ASISTENCIA TÉCNICA XURÍDICA PARA ELABORACIÓN EXPDTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA SENDA PEONIL DE DORNELAS”.
- O obxecto dos traballos da asistencia técnica é a elaboración do proxecto de expropiación por taxación conxunta que se elevará ao xurado de expropiacións e que permitirá a ocupación da fincas necesarias para a realización do investimento “*SENDA PEONIL EN DORNELAS DO IES DE MOS ATA ASO. DI. FI. SI*” (expediente: 2025021347), asegurando que se cumpran os requisitos técnicos, legais e de calidade que permitan que o devandito proxecto se execute de forma eficiente, sendo imprescindible que o procedemento de expropiación conclúa con éxito para poder desenvolver o investimento proposto.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)



- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico de Cooperación, de data 19/06/2025, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 29/09/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 29/09/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *concello de Mos* CIF P3603300I a cantidade de 107.188,80 euros, con destino ao financiamento do investimento “*Senda peonil en Dornelas do IES de Mos ata ASO.DI.FI.SI*” (expediente: 2025021347), en base a un orzamento (CSV: LJ5DUCR9WM4E1CZL) polo importe de 701.556,67 euros, debendo co-financiar a entidade municipal 594.367,87 euros, quedando configurada a súa petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan + Provincia 2025	Fondos propios
701.556,67	107.188,80	594.367,87

- A presente concesión queda condicionada a que o *Concello* achegue coa primeira xustificación do investimento subvencionado a acta de trazado previo (Anexo III).
- Convén lembrar que o *Concello* deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponíbles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 34 do Plan + Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executadas a 31 de decembro de 2026 e xustificado a 31 de marzo de 2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Mos*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



19.35665.- CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2025 (EXPTE. 2024083209).

I. ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións en réxime de concorrència competitiva para Actividades de Carácter Turístico durante o ano 2025.

As bases reguladoras das subvencións e o extracto foron publicados no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 39, de 26 de febreiro de 2025 e no portal da Base de Datos Nacional de Subvencións.

O prazo de presentación de solicitudes era dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no BOPPO.

O 1 de setembro de 2025 o órgano instructor do procedemento emite informe ao respecto.

O 2 de setembro de 2025 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

O 2 de setembro de 2025 a Comisión de Valoración, á vista dos antecedentes e de conformidade co informe do órgano instructor efectúa a valoración das solicitudes admitidas, previa exclusión dos beneficiarios que non cumpran cos requisitos da convocatoria.

O día 11 de setembro o órgano instructor do procedemento emite Proposta de Resolución provisional a todos os interesados concedéndolle un prazo máximo de 10 días para presentar alegacións segundo o establecido no punto 12 das bases reguladoras. Transcorrido dito prazo non consta ningunha alegación ou renuncia por parte das persoas interesadas.

O 25 de setembro 2025 Intervención emite informe favorable de fiscalización.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

No relativo ao réxime xurídico:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS)



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente o informe do órgano instructor do expediente sobre a valoración das solicitudes, informe favorable de Intervención sobre a mesma e informe da comisión de valoración.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a concesión das subvencións e desestimación das solicitudes é a Xunta de Goberno, conforme ao establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais en concordancia coa base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Estimar as seguintes solicitudes e conceder as subvencións por importe total de 80.000,00 €, que deberán imputarse á aplicación 25/433.4320.489.01 co detalle que figura a continuación:



EXPEDIENTE	NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	ORZAMENTO	IMPORTE SOLICITUDE	VALORACIÓN	IMPORTE ASIGNADO SUB.	% ORZAMENTO
2025018276	G94044047	ASOC MACEIRA E SIDRA DE A ESTRADA	XORNADAS SIDRA E TURISMO	5.659,39 €	3.961,57 €	35	3.961,57 €	70%
2025017990	G36032498	ASOC DE EMPRESARIOS GROVENSES DE BENS E SERVIZOS	PLAN GLOBAL DE DESESTACIONALIZACIÓN DO TURISMO DO CONCELLO DO GROVE	17.240,00 €	5.500,00 €	56	5.500,00 €	31,90%
2025017999	G36452837	ASOCIACION DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE VONTADE	RÍO MIÑO, MARCA INCLUSIVA - NAVEGANDO POLA HISTORIA DO BAIXO MIÑO	14.534,72 €	5.500,00 €	42	5.500,00 €	37,84%
2025017003	G27745397	FUNDACION PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	SEMANA PESQUERO VIGO	4.204,75 €	2.943,33 €	50	2.943,33 €	70%
2025015156	G94196805	ASOC CULTURA DE BAR	CASTES MADRID 2025	9.925,95 €	5.500,00 €	65	5.500,00 €	55,41%
2025018518	G36432896	ASOCIACION DEPORTIVA CULTURAL Y DE RANDE	XII CONMEMORACIÓN BATALLA DE RANDE	48.544,40 €	5.500,00 €	47	5.500,00 €	11,30%
2025018520	G36462869	ASOCIACION CULTURAL A CROA	SEMANA SANTA E PASCUA DE PARADELA DECLARA DE INTERESE TURISTICO AUTONOMICO	17.189,29 €	5.500,00 €	44	5.500,00 €	32,00%



2025017986	G15916547	ASOC DE CLUBES NAUTICOS DE GALICIA	SIMPOSIO NACIONAL CLUBES NÁUTICOS DE TURISMO	67.502,45 €	7.000,00 €	36	4.974,74 €	7,37%
2025012031	G36410967	ASOC ETNOGRAFICA DE CODESEDA	UNHA ALDEA NO NADAL	7.986,00 €	5.500,00 €	67	5.500,00 €	68,87%
2025014067	G36889780	ASOCIACION DESENVOLVEMENTO GALICIA SUROESTE EURURAL	ACTIVIDADES DE OBSERVACION DO CEO NOCTURNO E DAS ESTRELAS-CEOS DE GALICIA SUROESTE	7.857,15 €	5.500,00 €	40	5.500,00 €	70,00%
2025012025	G36361434	ASOC AMIGOS DO MUSEO CASA DO PATRON	XXVI MALLA TRADICIONAL	8.022,30€	5.500,00€	82	5.500,00 €	68,56%
2025018344	G94146362	ASOCIACION CULTURAL CINEMATOGRAFICA DE GALICIA FICBUEU	DESCUBRINDO A VILA DE BUEU	6.000,00 €	4.200,00 €	38	4.200,00 €	70,00%
2025018306	G36245306	ASOC CAMBADOS ZONA CENTRO,CENTRO COMERCIAL URBANO DE CAMBADOS	FESTA GASTRONÓMICA DO MAR	3.206,50 €	2.244,56 €	26	2.244,55 €	70,00%
2025018595	G36623346	MONTE REAL CLUB DE YATES DE BAIONA	5º RUTA RIAS BAIXAS	23.789,00 €	5.500,00 €	37	5.112,93 €	21,49 %



2025018855	G16840498	FUNDACION MONDARIZ TEMPLO DEL AGUA	PROMOCIÓN TURÍSTICA MONDARIZ BALNEARIO	EN	5.547,00 €	2.218,80 €	25	2.218,80 €	40,00%
2025018858	G27877703	ASOC CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	TAPAS FANTÁSTICAS		5.000,00 €	3.500,00 €	28	3.500,00 €	70,00 %
2025018621	G36388130	ASOCIACION DE VITICULTORES SAN MARTIN DE BUEU	FESTA DO VIÑO TINTA FEMIA		4.842,00 €	3.389,40 €	30	3.389,40 €	70,00 %
2025018216	G72660277	CLUB NAUTICO INCLUSIVO BAIXO MIÑO	SAN SIMON INCLUSIVO INTERNACIONAL		8.973,93 €	3.589,57 €	25	3.454,68 €	38,50 %

2. Desestimar ou ter por desistidas as seguintes solicitudes:

EXPEDIENTE	NIF	NOME ENTIDADE	ACTIVIDADE SUBVENCIÓN	PUNTUACIÓN	MOTIVO DESESTIMACIÓN/EXCLUSIÓN
2025018542	G72660293	ASOC CULTURAL AIRES NOVOS CASTRELO	III MOSTRA DO VIÑO DO MAR	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“ <i>estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude</i> ”).
2025018863	76829673J	ALBERTO	VII FESTA DA EMPANADA MARIÑEIRA	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“ <i>estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude</i> ”).



2025018223	G36535763	ASOCIACION CABALAR MONTE CASTELO	RAPA DAS BESTAS DE CUSPEDRIÑOS	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude”).
2025018090	G36632081	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	FEIRA - FESTA DA CEREIXA DE BEADE	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude”).
2025018519	G36980670	FUNDACION CEO CIENCIA Y CULTURA	TURISMO ASTRONÓMICO PONTEVEDRA 2025	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude”).
2025018814	G36027928	ASOCIACION AGRUPACION MUSICAL DO ROSAL	VI O ROSAL CAMARA FEST	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude”).
2025018845	G36907244	FUNDACION CARLOS CASARES	VERBAS VIVAS. RUTA LITERARIA POLO VAL MIÑOR E VIGO	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude”).
2025018819	G36031292	A.D. CULTURAL DORNA	REGATAS DORNAS A VELA 2025	Sen valorar	Non reúne o requisito establecido no punto 3 das bases da convocatoria (“estar inscrito no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas de Galicia, R.E.A.T. na data de solicitude”).
2025018525	G56697352	ASOC ACUDIN	TURISMO INCLUSIVO 2025	17	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos), segundo as bases da convocatoria (apartado 11).
2025018809	G36834240	CLUB DEPORTIVO MINAUTA	TURISMO INCLUSIVO RIO LEREZ	20	Non acadar a puntuación mínima (25 puntos), segundo as bases da convocatoria (apartado 11).



20.35666.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

21.35667.- FÓRA DA ORDE DO DÍACONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR CAMBIO DE FINALIDADE AO CONCELLO DE SILLEDA, NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2025, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO” (EXPTE. 2025054393)

- O Pleno da Deputación, na súa sesión do 27/12/2024, mediante acordo núm. 3.8316, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2025, en adiante Plan + Provincia 2025, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2025
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025- Liña – Investimentos, dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros
- No marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1 - Investimentos, mediante acordo de Xunta de Goberno núm. 18.35071 de data 11/04/2025, concedéuselle ao concello de SILLEDA unha subvención por importe de 149.424,60 €, para financiar a achega municipal do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra do investimento “MEJORA MOVILIDAD AVENIDA DEL PARQUE DE SILLEDA” (exp.: 2025016928), cun orzamento polo importe de 747.122,98 €
- En data 27/08/2025, mediante resolución presidencial núm. RP2025007073 (CSV):HOJ56ESSTQGVBFZV, trala petición formulada polo concello, acéptanse a desistencia parcial do concello de SILLEDA á subvención concedida co obxecto do financiamento do investimentos “MEJORA MOVILIDAD AVENIDA DEL PARQUE DE SILLEDA” deixando en dispoñible na aplicación orzamentaria 2025/942.9425.762.45 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 104.597,22 € para o financiamento dunha nova actuación que pretende acometer o *Concello*
- Neste contexto, en data 29/07/2025 por rexistro WEB2025055110, o concello de SILLEDA, presenta solicitude de subvención por cambio de finalidade, encadrada na liña 1 do Plan + Provincia 2025, por importe de 104.240,68 €, con destino ao financiamento da actuación “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO”, cun orzamento que importa 104.240,68 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2025	104.240,68	104.240,68	0,00	0,00



- O orzamento de 104.240,68 € inclúe 99.914,93 € de execución de obra, 3.539,25 € de honorarios de dirección de obra e 786,50 de honorarios de coordinación de seguridade e saúde
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025 e achega a documentación que se recolle na base 27ª. Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante a Augas de Galicia, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a autorización da Consellería do Medio Rural
- As devanditas autorizacións, serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 27ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan Máis + 2025 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico/o competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª e 19ª das reguladoras do Plan+ Provincia 2025 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2025, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 27ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- A base 28ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025- Liña – Investimentos que dispón que, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes de que conclúa o prazo para realizar os investimentos obxecto de subvención, pódese solicitar un cambio de destino pola desistencia total ou parcial da finalidade subvencionada, sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos o informe do facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 01/08/2025 e da Xefa do Servizo de Cooperación de data 27/08/2025, que conclúen favorablemente a tramitación da concesión da subvención por cambio de aplicación, e o informe favorable da Intervención Provincial de data 12/09/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder, por cambio de finalidade, ao *concello de Silleda* (CIF.:P3605200I), no marco do Plan +Provincia 2025 liña 1_Investimentos, unha subvención por importe de 104.240,68 euros, con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DE VIAIS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE CHAPA, ESCUADRO, MOALDE, O CASTRO E LARO” (exp: 2025054393) cun orzamento que ascende a 104.240,68, distribuída segundo a seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2025	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
104.240,68€	104.240,68€	0,00€	0,00€

O orzamento contempla honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 4.325,75€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o Concello achegue a autorización sectorial do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, a autorización do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a autorización da Consellería do Medio Rural. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 de 02/01/2025 (disponibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións
- Así mesmo, conforme a base 34ª reguladora do Plan +Provincia 2025 o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado a 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Silleda*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



22.35668.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

